



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE

AON
Empower Results®

HDI
AIG

DEPORTE
GALEGO
galicia
XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

COMUNICADO Nº 242/18
5 DE DECEMBRO DE 2018



10ª COPA PIRELLI AMF MOTORSPORT 2019

CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYES



PIRELLI

AMF
MOTORSPORT



Artigo 1.- ORGANIZACIÓN:

“Pirelli Neumáticos, S.A.U.”, a Federación Galega de Automobilismo, e AMF MotorSport organizan para o ano 2019 a **10ª COPA PIRELLI AMF MOTORSPORT 2019**.

O presente regulamento complementarase co Anuario de Galicia 2019, da Federación Galega de Automobilismo, nos apartados que non figuren neste documento.

Artigo 2.- COMITÉ ORGANIZADOR.

O Comité Organizador ten entre as súas competencias a de emitir anexos que formarán parte do presente regulamento, modificalo, interpretalo e tamén resolver tódolos casos non previstos. Os devanditos anexos e modificacións, deberán ser aprobados pola Federación Galega de Automobilismo e publicados na web www.fga.es.

O Comité estará integrado por dous representantes da Federación Galega de Automobilismo, e un representante de “**Pirelli Neumáticos, S.A.U.**”, e un representante de **AMF MotorSport**.

En tódalas probas puntuables haberá un comisario representante do Comité que coidará de informar a tódolos participantes sobre a interpretación do presente Regulamento, e de transmitir ó Comité os problemas e incidencias que se plantexen, así como de controlala perfecta ubicación da publicidade nos vehículos.

Artigo 3.- PARTICIPANTES:

A) Licenzas: Posuilas licenzas dacordo co Anexo I do Anuario da F.G. de A. que habilite o concursante, piloto, copiloto e asistencia que permitan participar nas probas indicadas no art. 6.

B) Tódolos gañadores das Fórmulas de Promoción, de tempadas anteriores, poden volver a participar nas mesmas, puntuando e optando ós premios en metálico.

C) Os pilotos que se inscriban nunha Fórmula de Promoción, dos Campionatos de Galicia, por especialidade e tempada non poderán mudar de Copa, Trofeo, Reto, ou Challenge ata a tempada seguinte

D) “Pirelli Neumáticos, S.A.U.”, a Federación Galega de Automobilismo, e AMF MotorSport, S.C.G. resérvanse o dereito a rexeitar calquera inscrición á **10ª COPA PIRELLI AMF MOTORSPORT 2019** sen ter que xustificalo.

E) A participación, na **10ª COPA PIRELLI AMF MOTORSPORT 2019**, está aberta a calquera licenza da Comunidade Económica Europea (ADN, ou “Autónomas Únicas de España”) con dereito ós premios en metálico e puntuacións finais, quedando excluídas as “Autónomas Exclusivas Territoriais”.

Artigo 4.- VEHÍCULOS ADMITIDOS:

1.- A **10ª COPA PIRELLI AMF MOTORSPORT 2019** está reservada exclusivamente ós vehículos dos:

Grupo A: ata 2000 c.c.

Grupo XA: ata 2000 c.c.

Grupo N: ata 2000 c.c.

Grupo XN: ata 2000 c.c.

Serán admitidas a montaxe de variantes V.O. e soamente as V.K. de escape, **quedando prohibidas as: variantes V.O. de caixas de cambios secuenciais, ou de crabots, V.K. e V.S. de admisión, e tódalas variantes V.R.**

Grupo X provinte Grupo A - Ata 2000 c.c., Grupo N ata 2000 c.c., ou os que perderan a súa homologación antes do ano 2019 inclusive, con autorización expresa no seu pasaporte administrativo de XN ou XA.

Grupo X sen homologación e coa autorización expresa da Federación Galega de Automobilismo.

NOTA: Quedan excluídos os vehículos turboalimentados, ou provistos de compresores volumétricos, sendo reservada a admisión exclusivamente a vehículos atmosféricos de estricta serie, e de procedencia de exclusivo orixe do fabricante.

2.- Ditas campanas, reiterase, que teñen que ser orixinais e non se poden substituír por outras de aluminio de superiores prestacións, así como das mariposas de admisión que teñen que ser as orixinais do vehículo (1ª monta do fabricante). Si se detectase en calquera vehículo irregularidade ó respecto este será descalificado a tódolos efectos da Copa (Premios da proba e fabricante, exclusión da Copa).

2.- Vehículos de dúas rodas motrices de Grupo “N”, ata unha cilindrada de 2.000 c.c., e “XN” con solicitude expresa á Federación Galega de Automobilismo e autorización no seu pasaporte de Grupo “XN” explícita para participar na Copa 2019.

3.- Tódolos participantes terán que comprar alomenos 4 pneumáticos, a AMF MotorSport, S.C.G., telf.: 986 640 715 - 616 784 863, modelos:

RK/RKW



RW



Para a tempada 2019 terán un selo (Pegada) identificativo. O non posuílo implica a descalificación da **10ª COPA PIRELLI AMF MOTORSPORT 2019**.

Artigo 5.- INSCRICIÓNS:

Tódolos interesados en inscribirse na **10ª COPA PIRELLI AMF MOTORSPORT 2019** deberán facelo enviando a folia de inscrición "online" en www.fga.es
 FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO

Ctra. de Vigo, 43 - Baixo · O PINO · 32001 Ourense / Fax: 988 271 461

nun prazo non inferior a 20 días antes da celebración da primeira proba na que desexe participar.

Artigo 6.- PROBAS:

Para a **10ª COPA PIRELLI AMF MOTORSPORT 2019**, serán validos as nove probas do Campionato de Rallyes que son puntuables para o Campionato Autonómico de Galicia, debidamente aprobados pola Federación Galega de Automobilismo.

RALLYES			2019
DATA	PROBA	ESCUDEIRÍA	COEF.
1/2/3-03-2019	23º RALLYE CORUÑA	ONE SEVEN	7
5/6/7-04-2019	35º RALINOIA	BERBERECHO	7
17/18/19-05-2019	53º RALLYE RECALVI-RIAS BAIXAS	RIAS BAIXAS	8
14/15/16-06-2019	32º RALLYE CIDADE DE NARÓN	SIROCO NARON	8
12/13/14-07-2019	16º RALLYE SUR DO CONDADO	SURCO	7
09/10/11-08-2019	27º RALLYE BOTAFUMEIRO	SANTIAGO	8
20/21/22-09-2019	8º RALLYE OURENSE-LUGO-RIBEIRA SACRA	LUIINTRA	7
25/26/27-10-2019	41º RALLYE SAN FROILAN	MIÑO-LUGO	8
15/16/17-11-2019	1º RALLYE MARIÑA LUCENSE	MIXRALLYE SPORT	7

Artigo 7.- PREMIOS:

A) En cada un dos Rallyes puntuables para a **10ª COPA PIRELLI AMF MOTORSPORT 2019** otorgaranse os premios segundo a seguinte táboa:

PREMIOS POR PROBA

1º	500 € e Trofeo
2º	300 €
3º	200 €
4º	110 €
5º	100 €
6º	100 €
7º	100 €
8º	100 €

PREMIOS FINAIS SCRATCH

VENCEDOR PILOTOS	TROFEO DE BRONCE
VENCEDOR COPILOTOS	TROFEO DE BRONCE
SUBCAMPIÓN PILOTOS	TROFEO DE BRONCE
SUBCAMPIÓN COPILOTOS	TROFEO DE BRONCE

Tódolos premios deste apartado son concedidos pola F.G.A., e "Pirelli Neumáticos, S.A.U." están afectados, no seu caso, pola retención vixente aplicada polo Ministerio de Facenda a conta do IRPF.

Artigo 8.- PUNTUACIÓNS:

En cada unha das probas puntuables para a **10ª COPA PIRELLI AMF MOTORSPORT 2019**, outorgaranse os seguintes puntos segundo o posto e coeficiente da proba:

PUNTUACIÓN POR PROBA			
CLASIFICACIÓN 10ª COPA PIRELLI AMF MOTORSPORT 2019 (C)			
1º	30 PUNTOS	9º	8 PUNTOS
2º	25 PUNTOS	10º	6 PUNTOS
3º	20 PUNTOS	11º	5 PUNTOS
4º	18 PUNTOS	12º	4 PUNTOS
5º	16 PUNTOS	13º	3 PUNTOS

6°	14 PUNTOS	14°	2 PUNTOS
7°	12 PUNTOS	15°	1 PUNTO
8°	10 PUNTOS		

Os puntos P acadados na proba obteranse pola seguinte formula: $P = K * C$, sendo (K) o coeficiente da proba multiplicado por (C) os puntos obtidos nas clasificacións da **10ª COPA PIRELLI AMF MOTORSPORT 2019**.

A clasificación final da **10ª COPA PIRELLI AMF MOTORSPORT 2019** será establecida entre aqueles pilotos e copilotos que participasen nun número de probas igual á metade das probas celebradas máis unha. Para a clasificación final reteranse e sumaranse os resultados de tódalas probas celebradas menos unha. Se un participante non participa nunha proba a mesma poderase descontar para a clasificación final.

Artigo 9.- PUBLICIDADE:

Tódolos vehículos deberán levar un parasol coa inscrición PIRELLI-AMF (parabrisas dianteiro) na parte superior, 4 pegatinas de PIRELLI (36X11cm.), dúas nas esquinas superiores da defensa dianteira, e dúas pegatinas na parte superior da defensa traseira (Nota: Obrigatoriramente teranse que ver na parte dianteira e traseira do vehículo, ou sexa, nunca postas nas partes laterais das defensas), e dúas pegatinas debaixo do número de competición, nas portas dianteiras (47X24cm.), coa inscrición AMF-PIRELLI. Baixo ningún concepto estará permitido recorta-la publicidade nin tapa-la parcialmente. O incumprimento implicará a perda dos puntos e premios da proba de referencia. A reiteración do antedito implicará a descalificación a tódolos efectos da **10ª COPA PIRELLI AMF MOTORSPORT 2019**. O parasol dianteiro ten que portarse en exclusiva o da **10ª COPA PIRELLI AMF MOTORSPORT 2019**, so pena de exclusión.



Artigo 10.- COMISARIO DE SEGUIMIENTO:

O Comité organizador nomeará a unha persoa, a cal estará debidamente acreditada e identificada, para facelo seguimento da publicidade e todo o concernente o bo desenrolo da copa, nas verificacións técnicas de cada rallye, así como do estricto control das pegadas.

Artigo 11.- MODIFICACIÓNS Ó REGULAMENTO:

Calquera modificación que puidera xurdir unha vez publicado ó presente regulamento, así como calquera cambio no calendario de probas, comunicaranse ós inscritos mediante un complemento, e coa publicación na páxina de Internet (<http://www.fga.es>).